

ASEMBLEA EN COMÚN ORDINARIA

Data : 26 de setembro de 2016

Lugar: Espazo en Común - As Burgas

Hora inicio: 19:00 h.

ORDE DO DÍA

=====

1. Información das Áreas e GTs:

Área de Legal e finanzas

1. Mercáronse dous portátiles. Un para o local e outro para a Área de Institucional.
2. Se nos solicitou dende En Marea un préstamo (pediron 3000 € a cada marea municipalista) para a campaña. Compromiso de devolvelo en 9 meses.
3. Páxina Web. Temos o dominio .gal e temos que poñer a funcionar a web xa con todos os apartados para todos os grupos ou áreas. Quérense crear contas de correo co mesmo dominio.
Poñer as contas como novas, ata que se solucione o problema do enlace permanente.
O problema é que se precisa alguén de coñecementos informáticos. Igual hai que buscar outras opcións para xestionala.
Quen vai xestionar a web?
** Xuntanza entre Legal e Comunicación para levalo adiante.
4. Facer inventario das copias de chaves do espazo e as persoas responsables en cada área.

Área de Apertura

- Rede Ou. Regulamento

<https://titanpad.com/tjWoOdk0OI>

Presentaron este documento. Entra en contradición coa idea orixinal da Rede Ou e cos documentos constitutivos de OUeC. O grupo de Apertura presentou emendas para devolvelo ás orixes.

Se o regulamento se mantén tal cual está OUeC non podería formar parte.

Habería que pensar ben o de sairse da Rede. Tentar chegar a acordo.

- Varios.

Incorporación novos compañeiros a OUeC

GT Barrios

- Proposta de nomeamento de responsable do GT. Na última reunión se acordou que fose Antía Pérez a responsable. A assemblea refrenda o nomeamento.

Área de Relato e análise

- Proposta de creación de equipos de traballo por áreas.

Proposta de dinamizar o traballo nos barrios. Presentarán unha proposta na vindeira assemblea.

- Reactivación mesa da auga.

A Mesa da Auga está pendente de reunión

- Varios

Hai moita xente interesada en participar en temas moi concretos e non en OUeC en xeral. Buscar o xeito de integrar a estas persoas sen participación permanente.

Dar conta nas Assembleas das reunións que se están a facer os xoves. Adicamos moito tempo a debates e pouco en levar os acordos á práctica?

O funcionamento ten que ir adaptándose á realidade

GT de Coordinación:

- Rendición de contas das decisións adoptadas durante o proceso de confluencia

1. A coordinadora de En Marea (antes da inscrición do partido) e ante a posibilidade de que non chegase a tempo para concorrer ás eleccións, pregunta se OUeC participaría no caso de ter que facer unha coalición. O GT acordou dicir que si, e levalo despois a assemblea para o refrendo. O traen a assemblea por se se considera que se vulneraron os principios de OUeC e poñen a disposición da dita assemblea a súa continuidade no GT.

Foi practicamente unha coacción e sen tempo de maniobra. En Marea esixiu non facelo público polo que todas as mareas municipalistas se viron obrigadas a tomar decisións deste tipo.

Atropellos constantes no proceso. Facer autocrítica de como se levou a cabo. Sensación de que todo foi provocado para que as cousas levasen o camiño que levaron. Reflexionar sobre o xeito en que queremos que se fagan as cousas no futuro e que se fagan as cousas con tempo para evitar situacións similares.

A coordinadora igual tivo que absterse

Igual a decisión non foi a boa, pero si tiñan que contestar no momento que se plantexou xa que o grupo está lexitimado para tomar decisións de urxencia.

Cal é a xustificación para tomar esa decisión cando na Asamblea se acordara que a participación en En Marea era de adscripción individual?

Dende En Marea se dixo que a coalición era tamén instrumental e o funcionamento real sería o marcado nos documentos.

Era o plan B por se non chegaba a tempo a inscrición do partido.

O seu problema foi o de ter que tomar esa decisión sen poder comunicarllo ó resto da xente de OUEC.

A assemblea manifesta o refrendo ao grupo de coordinación.

- Explicación das competencias do GT de Coordinación no referido á convocatorias de asembleas extraordinarias.

<https://titanpad.com/0jUtct21kl>

- Engadido ao procedemento de convocatoria de AeC incluíndo as asembleas monográficas.

<https://titanpad.com/77DqkU4xdR>

Acéptase engadir o texto proposto.

Deberíanse actualizar todos os documentos.

Posibilidade de facer algunha das asembleas en fin de semana por problemas de conciliación familiar e laboral. Propoñen facelas en espazos públicos para darlle visibilidade.

Propón volver a facer algunha delas na Universidade.

- Celebración da asemblea monográfica sobre o documento de Toma de decisións e da análise dos documentos xurdidos do Repensar

<https://drive.google.com/file/d/0B9tE1aM0mZNCNXlqcTFXOXVIVmM/view?usp=Shawn>

Teranse en conta as aportacións do apartado anterior para a elaboración das modificacións dos documentos.

Posibilidade de facer algunha das asembleas en fin de semana por problemas de conciliación familiar e laboral. Propoñen facelas en espazos públicos para darlle visibilidade.

Propón volver a facer algunha delas na Universidade.

GT Espazo:

1. Data de presentación do Espazo. 4 de Novembro.

* Memoria das actividades propias e alleas levadas a cabo ata o de agora con participación dos implicados nelas

* Presentación en RRSS de todas as actividades previstas. Pestaña na web para publicitar toda a actividade do espazo.

* Exposición de fotos de Óscar Pinal sobre os refuxiados.

* Programa e actividades previstas.

* Día de OUeC: un día ó mes, actividades lúdicas.

* Calendario de apertura do local.

* Fin de festa cun magosto.

Área de Comunicación:

Non hai ninguén da área

- Páxina web.

- Varios.

GT Colectivos:

- Contactos con colectivos.

<https://titanpad.com/EO6ZtnoxEu>

Se está traballando para crear dinámicas de colaboración.

No espazo estase traballando tamén neste tema. Haberá que poñerse en contacto para non duplicar nin solapar.

Falarase co responsable do espazo

2. Varios:

- Constitución do GT de debate da Confluencia supramunicipal. - Valoración resultados eleccións autonómicas.

<https://titanpad.com/AqyGXfZrmn>

Estase reunindo semanalmente para debatir sobre os procesos electorales. Estas reunións a priori informais, acabaron funcionando como un grupo de traballo. Se fixeron análises sobre as confluencias e consideraron necesario darlle forma ós acordos sobre procesos supramunicipais que quedaron un pouco no aire en anteriores documentos. Seguirán traballando para presentar unha proposta á Asamblea.

Tras as eleccións autonómicas se plantexa a situación de OUeC con respecto a En Marea. Os documentos que elaboraron fixéronse tentando cubrir o maior número de posibilidades e é, polo tanto, moi ambiguo.

O espazo de voto de En Marea coincide co de OUeC. Que pasaría se nas vindeiras municipais concorren as dúas forzas?

Nas reunións dos xoves se seguirá a traballar en como será o proceso de confluencia que queremos ter ata as vindeiras municipais.

3. Semana da vindeira AeC:

Semana do 17 ó 21 de outubro

Remata a asamblea ás 21:40